

eu RAZO BALDAIO

*Coñecer
para valorar*

*Especies
invasoras,
unha nova
ameaza para a
biodiversidade*



www.carballo.gal/euqueroRB

Especies invasoras, unha nova ameaza para a biodiversidade



As especies exóticas invasoras (EEI) son na actualidade unha das principais ameazas para a biodiversidade. As especies invasoras son aquelas plantas, animais ou outros organismos, que son introducidos nun medio alleo intencionada ou accidentalmente, pero sempre pola acción do ser humano. Representan unha grave ameaza para as especies autóctonas.

As fases dunha “bioinvasión” son tres: na primeira a especie é transportada a unha zona na que non é nativa; na segunda, vaise aclimatando ao seu novo hábitat aínda que non se observa expansión e, na terceira fase, coloniza novas zonas e vai desprazando as especies autóctonas e dominando o novo espazo.

Dende o punto de vista ambiental, as bioinvasións causan alteracións nos ecosistemas, creando unha homoxeneidade moi diferente á diversidade orixinal. Estas alteracións poden ser causadas por competencia directa con outras especies, depredación de especies autóctonas, algunhas en perigo de extinción ou estado vulnerable, transmisión de novas enfermidades, hibridación coas especies de aquí, cambios no hábitat, etc.

As especies invasoras ameazan os ecosistemas dunares:

A elevada presión humana sobre as zonas litorais, resultado do desenvolvemento turístico de sol e praia das últimas décadas, é unha das principais causas de introdución de especies exóticas en sistemas dunares. A construción de urbanizacións e infraestruturas de uso público, propician unha continua entrada de especies exóticas.

Os ecosistemas dunares costeiros son moi dinámicos, sobre todo hábitats de duna activa, que teñen unha

elevada superficie sen vexetación e están sometidos a un amplo conxunto de condicións ambientais moi restritivas. Así, os ecosistemas dunares son moi susceptibles de ser ocupados por especies exóticas de carácter invasor que ocupan os espazos abertos. As especies invasoras acostuman a ter un ciclo de vida curto, anual, formando en poucos anos un importante banco de sementes que asegura a súa permanencia e expansión, como por exemplo a margarida africana (*Arctotheca calendula*) ou a herba do asno (*Oenothera glazioviana*). Outras especies que se reproducen por medio de rizomas e estolóns, permiten unha efectiva supervivencia e expansión das poboacións, como a unlla de gato (*Carpobrotus edulis*).

Invasoras das zonas litorais:

Arctotheca calendula:

Nome común: margarida africana.

Procedencia: Sudáfrica.

Observacións: É exclusiva de costa e afecta directamente a varias especies raras ou ameazadas das dunas galegas por competencia de espazo físico e alteración do medio. A súa introdución foi ornamental.



Arundo donax:

Nome común: cana.

Procedencia: Dende a India ata Tailandia.

Observacións: Úsase como planta ornamental, para facer valados ou aproveitanse nas hortas.



Carpobrotus edulis:

Nome común: unlla de gato, herba do cóitelo.

Procedencia: Sudáfrica.

Observacións: Utilízase moito en xardinaría pola capacidade de fixación do terreo e a vistosidade das súas flores. Foi usada pola Administración pública para fixar o terreo e acabou estendéndose pola costa.





Cortaderia selloana:

Nome común: plumeiro ou herba da Pampa.
Procedencia: América do Sur.
Observacións: Considérase unha das 20 especies invasoras máis dañinas presentes na Península Ibérica. Introduciuse polo seu uso ornamental e tamén como barreira visual nas autoestradas.



Crocosmia x crocosmiflora:

Nome común: crocosmia.
Procedencia: Sudáfrica.
Observacións: Obtida a partir do cruzamento de dúas especies nativas de Sudáfrica. O seu uso en xardinaría está moi estendido. Está presente en toda a costa galega.



Pittosporum tobira:

Procedencia: Leste de Asia.
Observacións: Introducida como planta ornamental. Ten unha alta tolerancia á contaminación atmosférica.



Tropaeolum majus:

Nome común: capuchina, flor de sangue.
Procedencia: América do Sur.
Observacións: Utilizada como planta ornamental. Presente en toda a costa galega.



Zantedeschia aethiopica:

Nome común: cala ou cartucho.
Procedencia: Sur de África
Observacións: Introducida como especie ornamental. É unha planta semiacuática.



Proxecto “Eu quero Razo-Baldaio”

Encadradas no Proxecto “Eu Quero Razo-Baldaio” e noutros programas, ADEGA e o Concello de Carballo teñen realizados numerosas xornadas de eliminación de flora exótica invasora. Nas mesmas tense eliminado manchas de unlla de gato (*Carpobrotus edulis*), herba de coitelo ou herba da Pampa (*Cortaderia Selloana*), loureiro australiano (*Pittosporum tobira*) e o único exemplar de sempreviva prateada (*Helychrysum petiolare*), que estaba a espallarse pola Pedra do Sal.

Contidos:

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Edita:

Concello de Carballo